

MEMORIA-INFORME PARA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ALUMNOS DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN ECONOMÍA

Ref.: 20TX/mmo

Expt.: 2020/ NG7

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

As Universidades públicas galegas teñen como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación. No ámbito da Economía hai un especial interese en potenciar as prácticas externas con valor académico, tanto en entidades públicas como privadas, para promover o coñecemento aplicado das técnicas e as metodoloxías desenvolvidas no campo profesional cara a unha futura inserción no mercado laboral.

Por outra banda, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e co Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), entre as funcións encomendadas ao IGE nos seus Plans anuais de actuación figuran, dentro do apartado de “Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas” as “Prácticas de alumnos das universidades galegas”. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias ás reguladas pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 e recollidas nos Programas estatísticos anuais que o desenvolven.

Polo exposto, parece conveniente a sinatura do convenio de colaboración entre ambas entidades, para proporcionar aos alumnos do Máster Interuniversitario en Economía, a posibilidade de realizar prácticas tuteladas no IGE.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónoma Instituto Galego de Estatística, asumiu o impulso e tramitación administrativa do expediente.



- Que solicitouse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e as tres universidades públicas galegas.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención Xeral ou delegada.
- Ao non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativo á solicitude de informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

